



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

BANDO SOBRE MEDIDAS PREVENTIVAS CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

**O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR.
FAI SABER:**

Que segundo a normativa vixente, tanto as ordenanzas municipais como as leis de ámbito autonómico, **É OBRIGA** de tódolos cidadáns o **MANTER LIMPAS** de lixo, entullos e maleza as parcelas da súa propiedade que se encontren dentro da delimitación de Solo de Núcleo Rural ou estean próximas a urbanizacións, edificacións illadas ou instalacións.

Así mesmo, os propietarios dos terreos que se encontren dentro das faixas secundarias de protección, e dicir, faixa perimetral o solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como ao redor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, deberán manter as parcelas **LIBRE DE MALEZA e RAREAR e PODAR O ARBOLADO**, para que estean suficientemente separados entre si, nunha franxa perimetral de 50 metros.

Nesa mesma faixa de protección, non poderá haber especies que favorezan a propagación do lume como **PIÑEIRO, EUCALIPTOS, ACACIAS, TOXOS, XESTAS, SILVAS.....**

No suposto de incumprimento do disposto anteriormente o Concello, de oficio ou por solicitude de interesado, enviará á persoa responsable unha comunicación na que se lle lembrará a súa obriga de xestión e limpeza da biomasa vexetal e arbórea e para facelo se lle concederá un prazo máximo de 15 días naturais, contado dende a recepción da comunicación, coa advertencia de que para o caso de incumprimento poderase proceder á execución subsidiaria, con repercusión dos custos da xestión da biomasa e, no seu caso, o decomiso das especies arbóreas prohibidas e retiradas pola Administración. (Artigo 22.2 da Lei 3/2007).

O incumprimento desta obriga, transcorridos os devanditos prazos, determinará a incoación do correspondente expediente sancionador, coa imposición de sancións segundo o determinado no artigo 50 da Lei 3/2007 en relación co Título VII da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

Lémbrese que a administración pode repercutir os gastos de extinción dun incendio ás persoas responsables de non cumprir coa obriga de limpeza e xestión da biomasa vexetal e polo incumprimento das distancias mínimas, segundo as mencionadas Leis 3/2007, 43/2012 e 7/2012, de prevención de incendios forestais e de montes de Galicia.

O prazo para a realización das actividades preventivas remata o **31 de maio**. Moitas grazas pola súa colaboración.

O Pereiro de Aguiar, 09 de abril de 2021
O alcalde. Luis Menor Pérez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395



Cod. Validación: 44KANGAZDZYTZGZNHHAHS74ZS | Corrección: <https://concelloperero.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1